



FEIRA DE ARTESANÍA DE VIVEIRO 2017

DATAS:

- Inauguración: 11 de agosto 2017 ás 19:00 horas.
- Clausura: 20 de agosto 2017 ás 22:00 horas.

UBICACIÓN:

- Xardíns Noriega Varela (Viveiro)

HORARIO:

- Mañá: de 11:00 a 14:00 horas
- Serán: de 17:30 a 22:00 horas

MONTAXE:

- Carpas tipo "Haima", tamaño 5x5 metros, dividida en dúas partes, unha adicada a exposición de 5x2 metros con solo de tarima e moqueta , e outra de 5x3 metros adicada ó público.
- A montaxe do stand farase na mañá do venres 11/08/2017, tendo que estar montado unha hora antes da apertura para que a organización poida revisar cada stand e as pezas presentadas.
- A desmontaxe do stand farase a noite do domingo 20/08/2017, sempre despois das 22:15h. Unha vez esteña a mercancía empacitada e lista para cargar poderanse chegar os vehículos.
- Stands panelados de 3x2 metros

CONDICIÓNS:

- A solicitude de participación deberá estar presentada antes do 28/05/2017 no mail feiradeartesaniadeviveiro@gmail.com especificando en asunto "Solicitude feira 2017", ou por correo ordinario en Travesía da Marina, 49B, 5ºEsquerda, CP: 27850 Viveiro (Lugo).
- DOCUMENTACIÓN NECESARIA:
 1. Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.
 2. Fotocopia da Carta de Artesán ou documento análogo expedido pola autoridade competente.
 3. Fotocopia do DNI ou fotocopia do NIF da empresa.
 4. Copia do recibo de pago da cota de autónomos ou correspondente.
 5. Certificado de alta no IAE
 6. Tres fotografías, mínimo, dos produtos que desexa presentar na feira.

7. Unha fotografía ou esbozo do stand que se ten previsto montar.
- A selección de participantes comunicárase por mail o 04/06/2017. Dita selección farase con base ós criterios que se desagregan a continuación:
 1. Que a documentación esixida na solicitude sexa lexible e esteña completa.
 2. Que esteñan representadas o maior número posible de disciplinas artesanais.
 3. Que os produtos presentados sexan orixinais, innovadores, ecolóxicos, sustentables ou representen calquera outro valor engadido, consolidado ou pioneiro, á oferta que habitualmente se fai dende o sector artesanal.
 - A distribución de espazos é un dereito exclusivo da Organización da Feira
 - A organización resérvase o dereito a retirar da feira todo aquel produto que non se considere artesanal ou de elaboración propia.
 - Deberase realizar unha actividade artesanal propia, con materiais de calidade demostrable e garantindo unha variedade ampla de produtos para toda a duración da feira.
 - A organización contratará os servizos dun community manager que publicitará a feira en Facebook. Será quen se encargue de fotografar os stands
 - Os artesans participantes poderán amosar a realización dos seus traballos por medio de talleres demostrativos.
 - Os artesáns participantes comprométese a cumprir os horarios de apertura e peche diarios da feira.
 - A revenda de produtos non está permitida, sendo causa de expulsión da feira.
 - No caso de compartir stand, a organización esixe a presentación da documentación solicitada a cada un dos participantes
 - A organización asegura a vixilancia dos postos instalados na feira nas horas en que non esteña aberta ó público. A vixilancia nocturna correrá a cargo dunha empresa profesional.
 - A organización resérvase o dereito de expulsión de calquera participante que altere a normal convivencia entre artesans, público e organización.
 - O artesán comprométese a enviar, una vez confirmada a súa solicitude de participación, una relación valorada das pezas a presentar.

PREZO: Stand de 3 x 2 metros: 295 €


Os artesáns seleccionados deberán abonar dito importe e enviar por mail o correspondente xustificante de pago antes do 2 de xullo de 2017.

Queremos seguir facendo da Feira de Artesanía de Viveiro un dos referentes deste tipo de eventos en Galicia, polo que no presente ano queremos

manter a realización de actividades en directo e talleres demostrativos no propio stand ou no recinto da feira, e que, coidamos, dan un bo resultado á feira.

Ofreceremos DOUS PREMIOS EN METÁLICO (UN DE 200€ E OUTRO DE 100€) ÓS MELLORES STANDS. Agardamos que os artesáns participantes colaboren cunha presentación óptima dos mesmos.

Información e contacto: feiradeartesaniadeviveiro@gmail.com Tlf: 636 73 76 08



Atentamente, Feira de Artesanía de Viveiro (Excmo. Concello de Viveiro



+ Asociación PROA